



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP de Vilaverde-Mourente

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel.: 986 858187 Fax: 986 896550

ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es

galicia



PROTOCOLO DA BIBLIOTECA

CEIP VILAVERDE-MOURENTE

CURSO 2021-2022



O noso centro ten 18 aulas nas que se acollen 433 alumnas e alumnos que cursan Educación Infantil e Educación Primaria.

	NIVEL	A	B	TOTAL
EDUCACIÓN INFANTIL	4º Ed. Infantil	24	25	49
	5º Ed. Infantil	21	21	42
	6º Ed. Infantil	25	25	50
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º Primaria	25	24	49
	2º Primaria	24	25	49
	3º Primaria	23	24	47
	4º Primaria	25	25	50
	5º Primaria	24	25	49
	6º Primaria	23	25	48
	TOTAL ALUMNADO	433		

Desde sempre un dos propósitos tanto do equipo biblioteca, do equipo de profesorado e do equipo directivo é descentralizar o material do espazo biblioteca (libros de consulta, de valores, novelas, libros de poesía, contos, paneis de robótica e robots...) a outros espazos do centro para que se multipliquen as posibilidades de acceso a todo este material por parte do noso alumnado, máis ca unha biblioteca de centro, un “centro-biblioteca”.

Polo tanto contamos con:

Bibliotecas de aula en todas as clases desde 3 anos ata 6º (os cursos de 5º e 6º contan ademais cunha biblioteca de educación afectivo-sexual depositada no DO) nas que o alumnado accede a elas de forma cotiá e cun empréstimo de libros por parte das titorías en todos os niveis.

Un servizo de empréstimo de 8 mochilas viaxeiras nas aulas de 4 e 5 anos, dúas en cada aula, que van á casa para que as nenas e os nenos gocen coa súa familia do seu contido: conten libros en galego, castelán, inglés, contos de hábitos e condutas e un libro de cancións musicais con DVD.



Unha biblioteca de valores, a carón do despacho de Orientación onde o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria pode facer autonomamente o empréstimo de libros e que está supervisada pola orientadora do centro.

Dúas bibliotecas de libros en lingua inglesa: unha para 1º,2º e 3º EP e o para 4º, 5º e 6º EP realizándose este empréstimo polas profesoras especialistas de Lingua Inglesa desde as súas propias aulas de inglés.

Unha biblioteca móbil para o alumnado que usa o servizo de madrugadoras e madrugadores e o servizo de comedor.

Dous espazos anexos á biblioteca usados como espazo de lecer para o alumnado de primaria.

Un espazo maker onde se reúne parte do material de robótica: Mbot, Beebot, DOC, pezas Lego, Wedo2.0 que son usados polo alumnado este curso nas propias aulas previa desinfección do material antes e despois de ser usado. O espazo de informática onde o alumnado desenvolve actividades de búsqueda e xestión de información así como o emprego de ferramentas TIC.

Unha biblioteca para as familias situada na parte posterior do edificio principal de aulas, aos que a familia pode acceder autonomamente, collendo libros e achegando libros para empréstimo.(Esta biblioteca non funcionará polo momento para cumprir coas normas do protocolo COVID do centro no referido ao acceso das familias).

A biblioteca funcionará en horario de mañá e tarde, pola mañá as diferentes actividades e os empréstimos serán xestionados, dirixidos e programados polas respectivas titorías, pola tarde (luns, mércores, xoves e venres, de 16 a 18 horas) estará a cargo do profesorado de garda e o alumnado e familias poderán acceder a ela para ler ou consultar os recursos gardando as normas que neste protocolo se establecen.

Este curso retomaranse os diferentes clubs de lectura que xa temos organizados no centro, sendo as reunións na biblioteca, para comentar as impresións dos libros lidos, pero debido ao gran número de alumnado que



participa en cada clase,organizaranse respectando o grupo aula e serán levadas a cabo por profesorado pertencente ao equipo biblioteca.

Durante o 2021-2022, debido ás prevención pola COVID, os empréstitos de libros serán realizados desde as titorías que rexistrarán os empréstitos no MEIGA e na porta da biblioteca hai colocado un horario onde cada titoría ten asignada unha sesión dentro da biblioteca para estar co seu alumnado, usando tamén as sesións que quedan libres para acceder coas nenas e cos nenos en aquelas actividades que consideren: lecturas de contos, poemas, busca e escolla de información para proxectos, investigacións, uso de tablets ou libros de realidade aumentada...

Serán as titoras e o titor as persoas que realizarán este empréstito nesa hora asignada e serán encargadas de devolver á biblioteca eses libros unha vez corentenados. Impulsarán actividades relacionadas co fomento da lectura: recomendacións de libros ás compañeiras e aos compañeiros, pequenas lecturas, obriñas teatrais (no espazo de psicomotricidade onde se realizarán gravacións audiovisuais e chrome)...

HORARIO BIBLIOTECA

BIBLIOTECA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª					6ºB
2ª			2ºA	6ºA	5ºB
3ª	1ºB	3 ANOS B	1ºA		3ºA
RECREO					
4ª	4 ANOS B	5 ANOS A	5 ANOS B	3 ANOS A	4 ANOS A
5ª	2ºB	4ºB	3ºB	4ºA	5ºA



O espazo biblioteca contará cos seguintes elementos de protección:

Espazo	Elementos protección
BIBLIOTECA	Máscaras
	Líquido de limpeza desinfectante
	Panos desbotables
	Papeleira de pedal
	Botella de xel hidroalcohólico ou loción hidroalcohólica
	Bobina papelmecha

Na entrada da biblioteca haberá nunha mesa con hidroxel ou loción hidroalcohólica para a desinfección de mans por parte das usuarias e dos usuarios da mesma.

Unha bobina de papel mecha e limpador desinfectante para a desinfección da mesa, cadeira ou outro tipo de asentos usados polo alumnado e familias (sofá na zona de EI e na zona de música). O profesorado de garda tamén desinfectará o seu posto: cadeira, mesa e ordenador.

Panos desbotables

Máscaras de reposto para algunha incidencia que poida presentarse.

Unha papeleira covid, específica e diferenciada con tapa e pedal usada para desbotar todos os elementos de hixiene persoal (panos desbotables, máscaras...)

A entrada ao centro para acceder polas tardes á biblioteca será pola porta de familias. A saída efectuarase pola mesma porta.

Tanto o alumnado, como as familias e o profesorado de garda tomarán todas as medidas de precaución, prevención e hixiene que se determinan para un uso correcto deste espazo.

Respectaranse todas as medidas e normas de uso e de limpeza da biblioteca.

Respectarase o aforo da biblioteca: 12 persoas



Todos os libros consultados polas persoas usuarias da biblioteca deberán corentenar durante 24 horas nunhas caixas etiquetadas cos días da semana correspondentes e colocadas a carón da mesa usada polo profesorado. Habrá dúas caixas: unha para por en corentena os libros os días luns e xoves e outra para os libros do mércores e venres.

Será o profesorado de garda o que coloque, unha vez finalizada a corentena, os libros nos andeis correspondentes.

Os martes non haberá servizo de biblioteca pola tarde.

	NORMAS DE USO
BIBLIOTECA	<p>Respectar o aforo do espazo da biblioteca: 12 persoas</p> <p>Polas tardes entrar e saír pola porta pequena mantendo a distancia de seguridade coas demais persoas.</p> <p>Usar obrigatoriamente a máscara dentro da biblioteca.</p> <p>Desinfectar as mans con hidroxel na entrada e a saída da mesma.</p> <p>Respectar as normas de distanciamento entre as persoas usuarias nese momento.</p> <p>Usar só os postos sinalados nas mesas e asentos coa mascota da biblioteca LAMPI.</p> <p>Non se poderá comer nin beber nos espazos da biblioteca.</p> <p>Os obxectos (libros, útiles de escritura, robots,...) non se poderán pasar dunhas persoas a outras sen desinfección ou período de corentena segundo o caso.</p> <p>Corentenar os libros usados nas caixas correspondentes para que poidan acceder a eles unha vez pasado o período de corentena as demais usuarias e usuarios.</p> <p>Desinfectar correctamente todo o material usado: robots, paneis, auriculares, DVD...</p> <p>Desinfectar asentos e mesas usadas, así coma calquera utensilio que se utilizase ao rematar de usalos.</p>



	NORMAS DE LIMPEZA
BIBLIOTECA	<p>Desinfectar asentos e mesas usadas, así coma calquera utensilio que se utilizase ao rematar de usalos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Desinfectar o posto ocupado: mesa ,cadeira e asentos.• Desinfectar as superficies manipuladas despois do seu uso: auriculares, tabletas, robots, paneis...• profesorado de garda desinfectará a súa mesa, cadeira, teclado, rato... <p>Ventilar correctamente o espazo biblioteca.</p>

O profesorado titor é o responsable de garantir unha correcta ventilación mentres o seu grupo fai uso do espazo da biblioteca, deixándose ademais un tempo de 10 minutos con ventilación cruzada entre grupos distintos que ocupen a biblioteca. A porta da biblioteca e as fiestras do corredor permanecerán en todo momento abertas para facilitar a ventilación.

O profesorado do derradeiro grupo que acceda á biblioteca pola mañá, será o encargado de ventilar ao remate da xornada 15 minutos o espazo da biblioteca.

O profesorado de garda que estea polas tardes será o responsable de abrir uns minutos antes da apertura da biblioteca as fiestras e asegurarse dunha correcta ventilación durante o horario que estea aberto este espazo.



PLANTILLAS DE VENTILACIÓN

VENTILACIÓN	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN					
2ª SESIÓN					
3ª SESIÓN					
RECREEO					
4ª SESIÓN					
5ª SESIÓN					

VENTILACIÓN BIBLIOTECA	LUNS	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00-17:00				
17:00-18:00				

Na biblioteca haberá diferente cartelería colocada nos baños e en distintos puntos dentro da mesma, así como na porta de entrada.

COLOCACIÓN DE CARTELERÍA E SINALÉCTICA NA BIBLIOTECA	
	CARTELERÍA
ENTRADA PAREDES	Información coronavirus Saíamos disto con sentidiño Distancia seguridade
BAÑOS	Información coronavirus Saíamos disto con sentidiño. Lavado de mans



COLOCACIÓN DE CARTELERÍA E SINALÉCTICA NA BIBLIOTECA	
	SINALÉCTICA
ENTRADA PAREDES	Manteña a distancia de seguridade. Obrigatoriedade de xel hidroalcolico Uso obrigado da máscara.
BAÑOS	Lavamos as mans Papeleira covid-19 Punto de espera

O uso dos baños da biblioteca, está limitado a algo menos do 50% da súa capacidade. O uso dos baños será individual e se hai unha persoa dentro, agardarase a quenda gardando as distancias, para iso haberá sinalado no chan un punto de espera para poder facer uso de este cando quede baleiro.

Como medidas de prevención e protección fronte á Covid equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia máxima de seguridade entre estes, cando menos 1,20 metros e se optimicen os postos dispostos.

Manterase unha distancia interpersoal de polo menos 1,50 metros nas interaccións entre as persoas que están dentro da biblioteca.

As chaquetas, abrigos, mochilas... e calquera material das usuarias e usuarios da biblioteca quedará no posto que ocupe ou colgado da cadeira que use, e hixienizaráeste ao rematar a súa estancia.

Se unha alumna ou alumno presenta algún síntoma mentres está co seu grupo na biblioteca, as titoras ou titor avisarán á persoa responsable do equipo covid para que leve a esta nena ou neno ao espazo covid situado no edificio administrativo e aplique o protocolo a seguir nestas circunstancias.



No caso que unha alumna ou alumno presente síntomas mentres estea facendo uso da biblioteca pola tarde, sen estar acompañado da súa familia, o profesorado de garda a ou o acompañará ao espazo covid situado nesa planta(aula de psicomotricidade) e aplicará o protocolo nesta situación.

Considéranse condutas contrarias á convivencia entre outras, e especialmente tidos en consideración os incumprimentos seguintes ao tratarse de medidas que poden danar a outras persoas que comparten o espazo da biblioteca:

- Acceder ao centro sen máscara.
- Non respectar as medidas de distanciamento
- Facer un mal uso dos materiais de hixiene: xabón , papel, hidroxel.
- Non respectar as normas de precaución e prevención de contaxio da covid establecidas no centro.
- Tirar cousas ao chan.
- Mover a mesa ou posto individual do seu sitio de referencia.
- Manipular os materiais de uso individual doutra compañeira ou compañeiro.
- Usar os espazos individuais doutras compañeiras e compañeiros.
- Outras que sexan precisas para garantir o benestar da comunidade educativa.

Este protocolo da biblioteca, adáptase ao Plan de adaptación COVID do centro do curso 2021-2022 e forma parte do mesmo como anexo.

Mourente, setembro de 2021